

A group of ballerinas in white tutus performing on a stage. The text "PERÍODO POSROMÁNTICO NO BALLET" is overlaid in yellow. The ballerinas are in various poses, some looking towards the camera, others looking away. The background is dark and textured.

PERÍODO
POSROMÁNTICO NO
BALLET

O Ballet espállase por Europa, e as bailarinas e coreógrafos emigran a outros lugares.

Escola de danza do Estado Ruso: século XVIII e pasan por ela coreógrafos franceses.

Escolas en San Petersburgo, Moscú e Varsovia: IGUAL ATENCIÓN Á FORMACIÓN DE BAILARÍNS E BAILARINAS



Marius Petipa (1818-1910) foi un bailarín francés que foi contratado en 1847 como primeiro bailarín de San Petersburgo, no teatro Marinsky. A súa presenza foi definitiva no ballet ruso. Petipa creou unha fórmula mediante a cal transforma o ballet de acción nunha revista de espectáculo na que atopamos as seguintes características:



- Gran importancia do Pas de deux (paso a dous), que farán os protagonistas, así como de valeses, reverencias e saúdos.
- Perfeccionamento de piruetas, saltos e batidos. Foi moi esixente coa formación dos bailaríns.
- Extremo de ideal de beleza: artificialidade herdada da escola virtuosística italiana.
- O seu estilo era unha mestura entre a escola clásica francesa (coa súa beleza medida, expresión de elegancia e sensibilidade), a escola italiana e a escola danesa, que coidaba moito ao bailarín e que deu como resultado os grandes intérpretes masculinos.
- Foi un coreógrafo meticuloso, creou pasos e desenvolveu a técnica clásica, pero sempre preservando as tradicións. Anotaba meticulosamente os pasos en distintas libretas.
- Intentou adaptarse ás condicións de cada bailarín.
- Compuña obras de numerosos actos con danzas complicadas e largas procesións que acababan nunha apoteose.



MARIUS PETIPA E TCHAIKOVSKY

A Bela Durminte: estréase no Teatro Marinsky de San Petersburgo o 3 de xaneiro de 1890. <https://www.youtube.com/watch?v=4whqghUvtJo>

<https://www.youtube.com/watch?v=UAmxb21bqUU> : Ballet Completo

O Crebanoces: estréase no Teatro Marinsky de San Petersburgo o 5 de decembro de 1892, e foi coreografiada xunto a Lev Ivanov.

<https://www.youtube.com/watch?v=xtLoaMfinbU>

O lago dos Cisnes: estréase no Teatro Marinsky de San Petersburgo o 15 de xaneiro de 1895, e foi coreografiada xunto a Lev Ivanov.

<https://www.youtube.com/watch?v=Efl5fg5BaG4>

<https://www.youtube.com/watch?v=9rJoB7y6Ncs> : Ballet Completo

